





# ORBALLO

EXEMPLAR Nº 50  
Depósito legal: LU-695-1983

Edita: Grupo de prensa  
do C.E.I.P. "Gregorio  
Sanz". RIBADEO

## Letras Galegas 2008

### Xosé María Álvarez Blázquez



**ORBALLO**

Exemplar N° 31

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

EDITA:  
GRUPO DE PRENSA DO C.E.I.P. "GREGORIO SANZ" - RIBADEO

Subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística

**ORBALLO**

Día das Letras Galegas 1999

Roberto Blanco Torres

EXEMPLAR N° 32

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

EDITA:  
GRUPO DE PRENSA DO C.E.I.P. "GREGORIO SANZ" - RIBADEO

**ORBALLO**

Publica galegoa do Concurso de Cuento Nadal 99

EXEMPLAR N° 33

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

EDITA:  
GRUPO DE PRENSA DO C.E.I.P. "GREGORIO SANZ" - RIBADEO

**ORBALLO**

Día das Letras Galegas 2000

D. Manuel Murguía

EXEMPLAR N° 34

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

EDITA:  
GRUPO DE PRENSA DO C.E.I.P. "GREGORIO SANZ" - RIBADEO

**ORBALLO**

Nadal 2000

EXEMPLAR N° 35

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

Grupo de Prensa do C.E.I.P. "GREGORIO SANZ" - RIBADEO

**ORBALLO**

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

EXEMPLAR N° 36

EDITA:  
GRUPO DE PRENSA DO C. E. I. P. "GREGORIO SANZ" - RIBADEO

Subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística

**ORBALLO**

EXEMPLAR N° 37

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

EDITA:  
GRUPO DE PRENSA DO C.E.I.P. "GREGORIO SANZ" - RIBADEO

**ORBALLO**

EXEMPLAR N° 38

GRUPO DE PRENSA DO C. E. I. P. "Gregorio Sanz" - RIBADEO

Subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

**ORBALLO**

EXEMPLAR N° 39

BO NADAL E ANINOVO

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

**ORBALLO**

Amor A de Casamiro

**ORBALLO**

Bo nadal e aninovo 2004

**ORBALLO**

Xaquín Lorenzo "Xocas"

Letras Galegas 2004

**ORBALLO**

EXEMPLAR N° 40

**ORBALLO**

Letras Galegas 2005

**ORBALLO**

BO NADAL E ANINOVO

**ORBALLO**

MANUEL LUGRÍS

**ORBALLO**

EXEMPLAR N° 47

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

Evitalo é cousa de todos

BOAS FESTAS

GRUPO DE PRENSA DO C. E. I. P. "GREGORIO SANZ" - RIBADEO

**ORBALLO**

EXEMPLAR N° 48

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983

Subvencionado por Política Lingüística

Si o Outono non crebaba o tempo non se erguía en vento longo o poeilo, o inverno que en día chega a medio abril e come, espala e ríndea, achega o vento. O cantón insuportable do día e o silencio do que suben que lles chega. Quece o pouco ouso e as raíces. Mito autista a día en lazo compaña. Almas o auto a esperanza sola. A que crece inleto na sua suntuosa amiga, espala fronte e que desle queira fora. Rúa do campo, unho lazo e folla, unho lazo por mela e cartiga. Júpiter noite, atpase día e queda o sol!

(María Mariño, Publica no tempo)

GRUPO DE PRENSA DO C. E. I. P. "Gregorio Sanz" - RIBADEO

**ORBALLO**

EXEMPLAR N° 49

DEPÓSITO LEGAL: LU-695-1-983




E cousa de todos conseguilo

BOAS FESTAS

GRUPO DE PRENSA DO C. E. I. P. "GREGORIO SANZ" - RIBADEO



# C.E.I.P. "GREGORIO SANZ"

AVDA. DE LUARCA S/N • 27700 RIBADEO (Lugo) • TELÉFONO/FAX: 982 128 848



## Letras Galegas de 1963 ata 2008

- 1963** Rosalía de Castro. "Cantares Gallegos, Follas Novas"
- 1964** Castelao. "Sempre en Galiza, Os dous de sempre"
- 1965** Eduardo Pondal. "Queixumes dos pinos, Os Eoas"
- 1966** Francisco Añón Paz. "Poesías Galegas"
- 1967** Manuel Curros Enríquez. "Aires da miña terra, O divino sainete"
- 1968** F. López Cuevillas. "Prosas galegas"
- 1969** Antonio Noriega Varela. "Do ermo"
- 1970** M. Valladares Núñez. "Maxina ou a filla espúrea"
- 1971** Gonzalo López Abente. "Nemancos, O novo xuez"
- 1972** Valentín Lamas Carvajal. "Saudades gallegas, O catecismo do labrego"
- 1973** Manuel Lago González. "O derradeiro celta", "Inverneiras" (poemas)
- 1974** X. V. Viqueira Cortón. "Ensaio e poesías"
- 1975** X. Manuel Pintos Villar. "A gaita gallega"
- 1976** Ramón Cabanillas. "Da terra asoballada, O Mariscal"
- 1977** Antón Vilar Ponte. "Pensamento e sementeira, Escolma de artigos nazionalistas"
- 1978** Antonio López Ferreiro. "O castelo de Pambre, A tecedeira de Bonaval"
- 1979** Manuel Antonio. "De catro a catro"
- 1980** Alfonso X, O Sabio. "Cantigas de Santa María"
- 1981** Vicente Risco. "O porco de pé, Teoría do nacionalismo galego"
- 1982** Luis Amado Carballo. "Proel, O galo"
- 1983** Manuel Leiras Pulpeiro. "Cantares gallegos"
- 1984** A. Cotarelo Valledor. "Hostia, Beiramar"
- 1985** Antón Losada Diéguez. "A significación profunda do galeguismo" (artigo)
- 1986** Aquilino Iglesia Alvariño. "Señardá, Cómaros verdes"



**1987** Francisca H. Garrido. "Néveda, Almas de muller"

**1988** Ramón Otero Pedrayo. "Os camiños da vida, Arredor de si"

**1989** Celso Emilio Ferreiro. "O sonho sulagado, Longa noite de pedra"

**1990** Luis Pimentel. "Triscos, Sombra do aire na herba"

**1991** Álvaro Cunqueiro. "Merlín e familia, Cantiga nova que se chama riveira"

**1992** Fermín Bouza - Brei. "Nao senlleira, Seitura"

**1993** Eduardo Blanco-Amor. "A esmorga, Os biosbardos"

**1994** Luis Seoane. "Fardel de eisilado, As cicatrices"

**1995** Rafael Dieste. "Dos arquivos do trasno, A fiestra valdeira"

**1996** Xesús Ferro Couselo. "A vida e a fala dos devanceiros"

**1997** Anxel Fole. "Á lus do candil, Terra Brava"

**1998** Martín Codax,

Johan de Cangas e Meendinho. "Cantigas de amigo"

**1999** Roberto Blanco Torres. "Orballo da media noite"

**2000** Manuel Murguía. "El regionalismo gallego, Historia de Galicia"

**2001** Eladio Rodríguez. "Oracións campesiñas, Diccionario enciclopédico gallego-castellano"

**2002** Frei Martín Sarmiento. "Coloquio dos 24 rústicos"

**2003** Antón Avilés Taramancos. "Nova Crónica das Indias, Cantos Caucanos"



**2004** Xoaquín Lorenzo Fernández. "A Casa, A terra, O mar e os ríos"



**2005** Lorenzo Varela. "Catro poemas, Lonxe"

**2006** Manuel Lugris Freire

**2007** María Mariño

**2008** Xosé María Álvarez Blázquez





Maio  
E.I. 2008  
LETRAS 3, 4 e 5  
GALEGAS

Os poemas ...  
en GALEGO.

Os nenos e nenas de E.I. fixeron un MURAL que xiraba ó redor de 3 poemas de MANUEL MARÍA que falan do SOL, da LÚA e do ARCO DA VELLA. Debuxaron, colorearon, picaron. Cantos traballaron...!

## 25 ANOS

*Parece só un número. Pero dentro destes 25 anos da nosa revista hai moito máis.*

*Aplicando a máis sinxela operación de multiplicación sae o cardinal dos Orballos editados: cincuenta, que é unha considerable cantidade, pouco corrente nun xornal escolar.*

*Máis, ao mesmo tempo, o 50º, o quincuaxésimo, é un ordinal que indica continuidade nunha ferramenta educativa, que se mantén nun tempo xa longo, que se herda dun profesorado implicado a outro, dun alumnado redactor a outro, de pais a fillos, como un sinal de coherencia do Centro e da Comunidade Escolar.*

*Si, de nais e pais a fillos e fillas, porque xa temos dúas xeracións que colaboraron no Orballo e iso reforza a ilusión das persoas responsabeis para seguir co proxecto.*

*Un xornal feito completamente polo alumnado, un proxecto pedagóxico que reflicte unha liña pedagóxica que se apoia, en boa medida, no desenvolvemento activo do ensino, na aprendizaxe pola práctica, no coñecemento da realidade do contorno social e físico; porque pretendemos ensinar a coñecer e a convivir, que son os dous piares para unha vida consciente.*

*Moitas felicidades a Orballo no seu cumpreaños, unha obra de todos, para o que desexamos que chegue a cumprir, polo menos, outros vinte e cinco anos.*

## ORBALLO, ESCRIBIR CON CORAZÓN

Eu son xornalista. O meu traballo consiste en contarlle a todo o que queira o que está a acontecer no mundo. E todo empezou aquí, no Orballo, hai xa trece anos cando escribín un pequeno poema. E foi entón cando me decatei que toda persoa que quixera saber o que eu pensaba, o que eu sentía podía facelo. Esa é a maxia do Orballo.

Era algo máis que escribir no meu diario, ou facer unha redacción para a clase de lingua, era compartir con todo o mundo o que tiña dentro de min, escribir para que a xente puidera entenderme un pouco mellor.

Un xornal por si mesmo non é nada, senón é a xente que escribe nel a que lle da vida. O Orballo nunca chegaría a ser nada se non fose por nós, por toda a xente que estudiamos no Gregorio Sanz durante vintecinco anos e que se nos ocorreu compartir as nosas ideas cos nosos compañeiros.

Moitos de vós seguro que xa escribides nas vosas casas, nos vosos diarios e en calquera folla perdida, pero un xornal permite que eses pensamentos, esas ideas pasen de man en man e de persoa e persoa, e cada un que le un xornal, colle algo da persoa que o escribiu. Escribir para que te lean outras persoas e dar un pouco de un mesmo para o mundo.

Cando unha persoa escribe para si mesmo sempre ten diante o papel en branco e o seu corazón que lle di o que debe contar. Nun xornal sabes que son centos ou milleiros de corazóns os que están agardando por ler esas letras e coller un pouco do corazón da persoa que escribe.

Ti mesmo agora estás a coller un pouco do meu corazón e de aquí para sempre xa estaremos unidos, porque eu estoucho dando porque quero, porque é a miña paixon e porque a partir de agora xa teremos algo en común.

De agora en diante recorda que sempre que leas un xornal non só saberás o que está a pasar no mundo, tes que saber que xa formas parte de todos os xornalistas que traballan para contar como é a realidade e que dan a parte máis importante deles porque queren facelo.

Igual que vós cando escribides poñedes o máis profundo da vosa ánima no papel, tamén o facemos os xornalistas, pero nós escribimos para compartir as nosas emocións, as nosas ideas, sempre que escribimos o facemos para vós.

Pero para poder compartir o teu corazón con todo o mundo non tes que escribir nun xornal. Podes facer que o teu mellor amigo lea o que escribes, ou dalle unha aperta a mamá, que seguro que a merece. Dar o teu corazón é facer o que máis che gusta non só para ti, é facelo para que outra xente sinta o mesmo que sintes ti.

Para min escribir tantos anos despois da primeira vez que o fixen e unha das mellores cousas que me puideron pasar, porque agora, eu xa vivirei sempre dentro de vós. E agora é o voso turno.

## ***A Festa das Letras Galegas***

“Festa das Letras” haina todo o ano. Cada vez que usamos a nosa lingua estamos a celebrala. Ben para falarmos entre nós, ao escribirmos unha carta, cando estudamos..., cada vez que o facemos empregando o galego estamos a festexar a nosa lingua.

E isto non ter por que espertar ningún receo. Cada vez está máis claro que a diversidade lingüística é unha riqueza. Empeñarse en querer saber só unha lingua é síntoma de pobreza. E dicir que porque queres aprender ben o galego e usalo para estudar outras materias xa non queres saber máis linguas é rotundamente falso.

O desexo por parte de algunhas persoas de importar problemas alleos á nosa vida política lévaos a identificar a presenza do galego no ensino coa exclusión do castelán. E aínda que se aplique a Lei de Normalización Lingüística, aprobada co consenso das tres forzas políticas galegas con representación no Parlamento de Galicia, sempre haberá quen diga que eses “radicalismos” non son bos. “Radicalismos” de quen? De toda a clase política galega?

Desde estas páxinas animamos a toda a comunidade educativa do Ceip Gregorio Sanz de Ribadeo a seguir potenciando o uso do galego e todo o legado cultural do noso país. Ninguén vai deixar de ser de esquerdas, dereitas ou centrista por iso. Animamos aos que sempre fomos desta terra porque coñecendo mellor o propio estaremos en mellores condicións de ir polo mundo adiante sen complexos, aprendendo dos demais e valorando o noso; animamos tamén aos que vindo doutras terras se estableceron en Ribadeo porque así terán máis instrumentos para comprender ás xentes e á terra que os acolleu.


Anpa “A Faxarda” do Ceip Gregorio Sanz de Ribadeo.



# A SEMANA CULTURAL EN FOTOS




Concerto Didáctico da ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E DANZA de RIBADEO



A Atletas ANA FERRADÁS amosándonos as medallas conqueredas.



Xogos Xigantes



EXPOSICIÓN



Títeres a cargo dos de 1º A



Os de 5º e 6º nas súas saídas para coñecer a Costa de Ribadeo

# DÍA DO DEPORTE

Xoves, 24 de Abril de 2.008


## CLASIFICACIÓN CARREIRAS

EI 3 ANOS		EI 4 ANOS		EI 5 ANOS	
NENAS	NENOS	NENAS	NENOS	NENAS	NENOS
VIOLETA	DAVID	DENISSE	BORJA	ANDREA SOTO	ANGEL

1º		2º	
NENAS	NENOS	NENAS	NENOS
CLARA	J. LUIS	CAROLINA	CARLOS

3º		4º	
NENAS	NENOS	NENAS	NENOS
CARMEN	DHONATAM	AYELÉN	CIRO

5º		6º	
NENAS	NENOS	NENAS	NENOS
Mª EUGENIA	MIKEL	BELÉN	D. CASTRO



**BRILÉ**

**CAMPEONAS: NENAS DE 5º B-6º B**

**SUBCAMPEONAS: NENAS DE 5º A-6º A**



**FÚTBOL**

**CAMPIÓN: NENOS DE 5º A-6º A**

**SUBCAMPIÓN: NENOS DE 5º B-6º B**

Crónica de: María, Arantxa, Álvaro e Dani Pedrosa – 6ºB



A NOSA SEMANA CULTURAL...

Do 14 ó 18 de abril no noso cole celebramos a semana cultural e con tal motivo tivemos moitas e diversas actividades ó longo da semana. Imos alá...

Comezamos a semana cun concerto didáctico no Auditorio a cargo da orquestra de Ribadeo, da cal forman parte algúns nenos e nenas do cole. Alí explicáronos os instrumentos dunha orquestra e o mesmo tempo disfrutamos da súa música. Saímos moi contentos!

O martes xogamos ó xadrez e o parchís "xigantes", aínda que como eramos moitos, xogar, xogar, non xogamos moito, pero... outra vez será. Tamén ese día comenciamos a elaboración dos personaxes Disney dos nosos contos e así adiantámonos á conmemoración do Día do Libro. Aquelo parecía

a factoría Disney. Hoxe da gusto  
velos nos nosos corredores e  
nós todos felices.

O mércores gastamos enerxía disfrutando  
dos xogos populares que tanto fixeron gozar  
ós nosos avós. Quedounos demostrado que  
tamén sabemos xogar e que non todo é  
Playstation.

Para o xoves, estaba  
programado o Día do de-  
porte, pero a climatoloxía no  
gounos unha mala pasada e  
foi suspendido ata a semana  
seguinte, corrimos como lóstro-  
gos camiño da meta.

O venres, assistimos a película  
"Locos por el Surf"; seguir  
as aventuras de Cody, un pin-  
güín surfeiro.

Isto foi todo, que non foi  
pouco, e o mellor de todo, para  
o ano máis e mellor.

Alumnos/as 1ºB



Cars



Mickey



Toda a factoría Disney




Donald



Pocahontas



Rei León



# A PRIMAVERA CHEGOU

A primavera empezou xa  
os nenos saímos a xogar  
o sol non para de iluminar  
e os paxaros non paran de cantar.


Alguns paxaros fan os seus niños  
con moita palla  
para que os seus ovos  
non se caigan.

Os campos empezan a florear  
as abellas empezan a picar  
os cabalos non paran de trotar  
e os nenos non paramos de xogar.




Miguel Casariego Cao


2ªA




# PRIMAVERA RIMADA




As flores,  
na primavera,  
dormen  
pero non se enteran.




A bolboreta  
voa  
de flor en flor  
de seta en seta.





A anduriña  
entrou na cocina




O lagarto  
na parede  
come moito  
sen ter sede.



As formigas  
levan migas  
e traballan  
tódolos días.












Moi guapa fillo

Mira mamá unha bolbota


Paula Amor Díaz 2ª



Luigi Moravia do. Silva 2ª

## 2º B

Estes son os traballos que fixemos na  
Semana Cultural. ( Borja )



lemos

Gustámonos os contos :  
lemos, escribimos e debuxamos.  
( Claudia )

Escribimos



Eu tamén quero viaxar no barco  
que vai polas nubes. ( Carolina )



Debuxamos  
(Younesse)

¿Dónde está a campaiña de Campanilla? (Bea)



Pintamos

¿Quien me vai abrir a porta? (Fran)




Quero saír desta peceira! Socorro! (Yohama)


Havia unha vez un pirata moi malo que vivía nunha illa.




O pirata non facía máis que capturar barcos e barcos.




Algún día dixo-capturared a Lúa. E mirou para o ceo



O pirata buscou unha Terra todo o que lle gustaba a Lúa



A Lúa baixaba e baixaba. O pirata empezaba a ter un pouco de medo



Flopu sobre o mar e sobre a illa onde agora había alguen que al guerra.



Claudia Jardim 3-A



Ver bailar Carmiña

Ver bailar Carmiña

Carmiña Carmela

con zapato branco

con media de seda Bis

de seda calada,

ver bailar Carmiña,

miña namorada.

Os zapatos piden medias,

as medias piden zapatos,

as rapaziñas bonitas,

piden rapaciños guapos.

Ver bailar Carmiña...

Blanca 3ºB

A concertina

Xuntáronse os dous

nunha esquina a

bailar a concertina

e bailar o serenon.

Comandre miña Comandre


e do gusto da miña

pequena.

Pa riba o tiruliriu

baixo o tiruliriu.

Itziar 3ºB.





CANTIGA

Pico, pico Marcerico  
quen che deu tan longo o pico.  
Deumo Dios e o meu traballo  
pra picar naquel corballo  
eu piquei e repiquei e un grao de millo encontrei.  
E leveino ó muiño  
ó muiño a moer  
e os ratiños a comer  
Agarrei un pelo rabo  
e leveino ó mercado  
e deixoume cinco pesos  
pra un cochiño colorado.

Adrián Suárez  
Sixto

3-B.

## A SANTA COMPAÑA

A Santa Compañía é unha das crenzas míticas máis arriscadas no rural galego. É unha "procesión de mortos ou almas en pena que nas brétemas da noite (a partir das doce) percorren errantes as sendas e camiños dunha parroquia".


Esta procesión vai encabezada por un vivo portando unha cruz e un caldeiro de auga bendita, seguido de tódalas ánimas con velas acesas, non sempre visibles, notándose a súa presenza polo cheiro a cera e o vento que levanta ó seu paso.

O portador da cruz non pode en ningún momento volver a vista atrás nin renunciar ós seus cargos precedendo á Santa Compañía.


Só quedará liberado cando encontre outra persoa a quen lle entregar a cruz e o caldeiro.

Para se salvar desta obrigaón a persoa que vexa pasar a Santa Compañía debe trazar un círculo no chan e meterse dentro del ou ben botarse boca abaixo.

A persoa viva que precede a procesión pode ser home ou muller, dependendo se o patrón da súa parroquia é santo ou santa.







En definitiva, considérase á Santa Compañía como unha anunciadora da morte. A súa misión é visitar todas aquelas casas nas que haberá un pasamento.

Laura Pardo 3º B.



### UNHA DE ADIVIÑAS

Cae dun talo e non se mata  
cae nun río e si se desbarata.

Un barriliño de pompón,  
que non ten furado nin tapón.

0 A O

o papel

David López Tella - 3º B

## Os Ferreiros



Trátase dun dos oficios con maior tradición e arraigamento en Galicia, aínda que actualmente xa non hai moitos.

A principal materia coa que traballan é o ferro, que quentan no lume para abrandalo e poder darlle forma.

Un dos principais elementos da forxa é a fornalla ou fornalleira, unha armazón de madeira sobre catro pés que contén cinzas ou escorias; a seu lado instálase un fol para dar aire e permitir a combustión auga para



avivar o lume. Cando o ferro está candente manipúlase coas tenazas, e bátese e moldease sobre a zafra ou incio, con distintos tipos de martelos. Así o ferreiro daba a forma desexada ao material, cravos, parafusos, foles, couteiros, navallas...

Antigamente os domingos, os veciños reuníanse arredor da forxa do ferreiro para contar os contos da semana.

Aparecen tamén no cancionero popular algunhas cantigas relacionadas cos ferreiros, por exemplo.

"Non te cases cum ferreiro,  
que te queiman as muxicas.  
Cástrate cum carpinteiro,  
que che fai cousas bonitas!"

### A Virxe de Guadalupe



Aitor Sánchez Méndez  
David Méndez Moreda  
3ºB

A Virxe de Guadalupe,  
cando vai pola ribeira (Bis),  
descalza pola areia,  
parece unha ruxeira (Bis).  
Olinas veñen, olinas veñen,  
olinas veñen e van,  
non te vaías ruxeira  
que te vas a marear.

Moto 3ºB



Busca as 7 diferenças:



Raquel Pardo  
de Miguel  
3º-B

Raquel

## A SEMENTE DA HEDRA

A semente da hedra ten a marabilliosa propiedade de facer invisibles ás persoas. Pero é unha semente difícil de encontrar porque madura unicamente na noite de solsticio de verán, entre as doce e a unha. Despois desta hora, cae e desaparece.

En certa ocasión, ocurriulle a un home algo extraordinario. Precisamente entre as doce e a unha de esa noite, estaba en busca dun petro que se perdera e atravesou por casualidade unha pradeira onde maduraba a semente da hedra. Á mañá seguinte volveu a súa casa e sentouse na habitación no sitio de costume. Extrañoulle que a súa muller non repara nel, e díxolle:

- Non encontrei o petro. A muller e os demais que estaban na habitación, asustáronse e con motivo, porque oír a voz do home pero non vían a ningún. A muller chamouno entón polo seu nome, crendo que se escondera.

El púxose de pé, colocouse no medio da estancia e preguntou: Podese saber porque me chamais, non ves que estou aquí? O surto agora foi maior, porque todos o oírán levantarse e andar, ademais de falar, pero ningún o vía. O home comprendeu entón que era invisible e caeu na conta de que podía ter dentro das

botas sementes de hedra, tiña unha molestia como de area nos pés. Quitou as botas e sacudiunas e ao momento fíxose visible aos ollos de todos.

a T H S j G C e l

P Pousa Pousa

o

b Fun á taberna do meu compadre,  
fun polo vento e vin polo aire :  
e como é cousa de encantamento  
fun polo aire e vin polo vento.

i

F E pouxa, pouxa, pouxa,  
e non me toques naquela cousa: Bis

R

d

e pouxa, pouxa axiña,  
e non me toques naquela cousiña: Bis

K

Murmuralon as mairas veciñas que  
eu andaba co crego nas viñas:  
eso é verdaí, eu non o nego,  
que eu andiven a loitar co crego.

f

h

a

Carmen Ración 3º B

x

u

c

G

m

t

g

w

J

Z

E

P



# OS DOUS RAPOSOS

Era um raposo que tina un fillo case acabado de nacer.

Unha mañá de neboa o pai díxolle ó fillo:

- ¡Imos ás galiñas?

- Non, non imos que vai vir o cam - díxo o fillo

- Non ven; non ves que boto as cartas - respondeu o pai.

Despois disto decidiron coller o camiño. De súpeto apareceu o cam e o fillo díxolle ó pai:

- Papá bota as cartas

E sen máis pensalo o pai contestoulle

- Deixa as cartas e salta as matas, que en tempo de apuro non valen as cartas!

Alba 4º A

## CANTIGAS:

O páxaro cando chove  
Mete o rabo no silveiro  
A si fan as boas mozas  
Cando no hai quen as queira

A raíz do toxo verde  
E moi mala de arrincare  
E os amoríños primeiros  
Son moi de olvidare



Laura 4º A

## APAGA O CANDIL

*Apagha o candil, Marica, chus, chus,  
apagha o candil que ten moita lus,  
que ten moita lus, moita claridá,  
apagha o candil e chéghate alá.*

Pasei pola túa porta e mirei polo ferrollo,  
a lara dà túa nai meteume un pau por un ollo,  
meteume un pau por un ollo, ailalelo, ailalalo.

*Apagha o candil...*

A túa nai é chiculate,  
o teu pai chiculateiro,  
a túa nai lambe as cazolas,  
o teu pai lambe os pucheiros,  
o teu pai lambe os pucheiros,  
ailalelo, ailalalo



## O GATO

Xuntáronse catro un día,  
os millores deste barrio,  
mataron un gato a tiros  
e o meteron nun saco.

*Vai o gato metido nun saco,  
vai o gato prá terra da Laxe;  
vai o gato metido nun saco,  
ai, gatiño! xa non volve máis.*

Que mal lles parecería  
a calquera deses catro,  
que os meteran nun saco  
como meteron o gato.

*Vai o gato...*

Aquel gato era un artista,  
traballaba na ribeira,  
agora é un bañista  
na praia da Castiñeira



## CÁNTIGAS E CANCIÓNS

### O ANDAR MIUDIÑO

Éche un andar miudiño,  
miudiño, miudiño,  
miudiño, miudiño, (BIS)  
o que eu traio.

Que eu traio unha borracheira  
de viño, que auga non bebo.  
Mira, mira Maruxiña;  
mira, mira, como eu veño.

Que eu traio unha borracheira  
de viño, que auga non bebo.  
Mira, mira Maruxiña,  
mira, mira como veño.

Éche un andar miudiño...

### QUE ANDE A RODA

Que ande a roda,  
que ande a roda,  
quero, quero, quero ver bailar.

Que dea a volta a roda,  
que dea a volta a roda,  
quero, quero, quero ver bailar.

Sale a bailar, nena *hermosa*,  
nena *hermosa*, sale a bailar,  
que che quero ve-la saia  
que che comprou o papá.

Que ande a roda,  
que ande a roda,  
quero, quero, quero ver bailar.

Que dea a volta a roda,  
que dea a volta a roda,  
quero, quero, quero ver bailar.

Ayelán

4 = A

### A GALIÑA PON O OVO

A galiña pon o ovo,  
o galo fai o xantar,  
o can vai á leña ó monte,  
o gato dorme no lar.

### DIXO O CURA

Dixo o cura de Marrozos:  
"o que comeu a carne  
que coma os ósos".

### MANOLIÑO FOI Ó VIÑO

Manoliño foi ó viño,  
Rompeu a xerro no camiño.

¡Pobre xerro, pobre viño,  
pobre cu de Manoliño!

### LUIS

Luis, pitís,  
copa de caña,  
copa de anís,  
caíu da cama  
e rompeu o nariz.

### O PAXARO DE MARUXA

O paxaro de Maruxa  
anda nas miñas cerezas.  
Come, paxariño come.  
Verémo-las que me deixas.

### AI, COMO CHOVE

¡Ai, como chove!  
¡Ai, como venta!  
¡Ai, que se molla  
miña nai Vicenta!

¡Ai, como chove!  
¡Ai, como trona!  
¡Ai, que se molla  
miña nai Ramona!

### **Oficios galegos tradicionais.**

En Galicia hai oficios tradicionais moi variados. O paso do tempo e a modernidade fixeron que fosen cambiando e moitos deles ata caeron en desuso.

Os **canteiros** traballaban a pedra e a lousa para a construción. Tiñan unha linguaxe propia e específica, chamada “verbo dos arxinas” ou “latín dos canteiros”, que utilizaban para comunicarse entre eles.

Os **pedreiros** arrincaban dos montes os bloques de pedra que logo traballarían os canteiros. Usaban o pico, as cuñas, o martelón e a dinamita. Coa axuda do paoferro subían os bloques de pedra aos carros dos bois.

Os **serranchíns** cortaban e preparaban a madeira en táboas. Procedían xeralmente de Portugal. Ían dous serranchíns e un axudante. Empregaban a machada, a serra de aire e o serrón.

Dentro dos **carpinteiros** existían diferentes especialidades:

*O carpinteiro de amar:* Preparaba a estrutura dos pisos e a teitume das casas.

*O carpinteiro da ribeira:* construía embarcacións de todo tipo.


*O cubeiro:* facía as cubas de viño.

*O carpinteiro de taller:* fabricaba mobles para a casa, portas e fiestras.

*O ebanista* era un carpinteiro máis especializado e facía traballos máis finos. O torneiro realizaba pezas de madeira torneadas. Os **fragueiros** construían só carros e os **rodeiros**, só rodas.

Os **cesteiros** facían cestos na vila e na aldea. Usaban madeira de castiñeiro, carballo, colmo (palla de centeo) e vimbio.

Os **ferreiros** fabricaban utensilios agrícolas e ferraxes para os carros e as casas. Traballaban na forxa, onde estaba o fogón ao que se lle insufla aire co barquín (fol grande). Utilizaban o ferro, que extraían os mineiros. Nas ferrarias había un mazo movido por unha roda hidráulica.



Os **ferradores** son ferreiros especializados. As ferraduras para as cabalarías ou os canelos para os vacúns encargábenselles normalmente aos ferreiros.

Os **carboeiros** facían o carbón vexetal para as forxas empregando as raíces de breixo ou as pólas da acacia.

Os **telleiros** facían as tellas e os ladrillos. Cocían aspezas no forno. Os telleiros do Baixo Miño que viñan traballar a Galicia conservaban unha linguaxe chamada cabaco, polo que lles chamaban os cabaqueiros.

Un oficio de moita raizame en Galicia foi a dos **zapateiros**, que en Santiago e Betanzos chegaron a ter confraría propia. Os zocos ou as zocas era o calzado habitual. As empeñas de coiro facíanas os zapateiros. Os paos eran de madeira de bidueiro, amieiro ou cerdeira. Adoitaban traballar no seu taller pero ao final do outono deambulaban facendo os encargos que lles pedían. Levaban as ferramentas nun cesto cun aro grande.


Outro oficio era o dos **oleiros** que facían co barro olas, xerras, cuncas, pratos, tarteiras, pucheiros,...


Os **cantorleiros** e **zarralleiros** eran traballadores ambulantes. Amañaban pezas gastadas polo uso coas ferramentas que levaban nun caixón colgado ao lombo. O cantorleiro encargábase da louza rota e o **zarralleiro** botáballe un remendo ás tarteiras ou tapaba os buracos ás olas.

Os **artesáns de instrumentos musicais tradicionais**, como gaitas, zanfonas, pandeiretas ou tambores. Este oficio require coñecementos musicais.

Finalmente, o oficio ambulante por excelencia é o de **afiador**, moi típico de Ourense (Nogueira de Ramuín). Ían polos lugares máis afastados das aldeas ofrecendo os seus servizos. Tamén crearon unha linguaxe peculiar, o "barallete". Levaban un asubio feito de madeira de buxo que facían soar co seu tradicional pregón "Afiador e paraugreiro".

Sara Comto 2011








Poema premiado no  
CERTAME DE POESIA "NADAL 2007"  
convocado pola  
BIBLIOTECA P. PROVINCIAL DE LUGO.




## BIQUIÑOS POLO NADAL

Biquiños polo Nadal  
adoito sempre enviar:  
un para os nenos que choran,  
por fame, ou sede, quizaís;  
un para a muller maltratada,  
víctima da sociedade;  
un para os mestres que loitan,  
dende a mañá ata o serán,  
por espallar a igualdade  
nun mundo tan desigual.  
Tamén un para os políticos,  
que lembren sempre o Nadal!  
e xunten os seus esforzos  
para que o terror seña paz.  
Remato co quinto bico  
cinco dedos dunha man,  
deixo a outra para outro ano,  
tampouco quero abusar!  
Este bico é para os reis,  
que o están a pasar mal.



Eva López Suárez - 4ºB



## LEOPOLDO CALVO SOTELO


Leopoldo Calvo Sotelo naceu o 14 de abril de 1926 en Madrid, fillo de dona Mercedes e de don Leopoldo.

Estudou o Bacharelato nos Institutos nacionales de Ribadeo, Peñaflorida de San Sebastián e Cervantes de Madrid. Obtivo o título de Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos en 1951. Traballou na empresa privada durante 25 anos. O seu primeiro emprego no sector público foi a presidencia de RENFE en 1967 e 1968. En 1972 aceptou a presidencia da Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Galicia primeira no seu xénero das que se constituiron en España. foi ministro en varios Gobernos da Monarquía; sucesivamente desempeñou as Carteiros de Comercio, Obras Públicas e Relacións coas Comunidades Europeas. En 1980 foi nomeado Vicepresidente para Asuntos Económicos no último Goberno de Adolfo Suárez. Ao dimitir este, UCD o propuxo como sucesor. Durante a votación da súa investidura tivo lugar o asalto de Tejero ao Congreso dos Deputados. Foi Presidente do Goberno desde febreiro de 1981 ata Decembro de 1982. foi deputado por Madrid en lexislaturas de 1977 1979 E 1982; membro da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa en 1983 e deputado do Parlamento Europeo en 1986. Na actualidade era alcalde honorario, fillo adoptivo de Ribadeo e Marqués da Ría de Ribadeo.

# Marcelle



Chegamos a Marcelle todos ilusionados.





A nova monitora Patricia, diz-nos:

Normas para ver aos animais:  
• Não tirar-lhes comida.



REPTILARIO


Estamos a ver unha tartaruga de terra.



Az dias...



Antes amigos viñeron verme hoxe!



Que día tan bo pasamos!





Chegamos à Marcelle e começamos a monitorar que nos ia ensinar o parque.



Vimos os canguros, lincos, castores,...



Paseamos pela reserva natural onde os animais vivem e comem.



Chegou a hora de xantar e repor as forças para seguir o recorrido.



Estivemos no reptilário onde havia serpentes, iguanas e lagartos,...



Por último de volta à casa para contar tudo o que vimos e aprendimos.

Pablo Atero Pardo  
4º B



## EXPERIMENTOS

### 1) Xear unha lata.

Prepara: sal, unha lata metálica, pedras de xeo.

Colle unha lata, baléiraa e límpaa. Cubre o fondo da lata cunha capa de sal e despois enche a lata de pedras de xeo. A medida que o xeo se derrete, tira a auga da lata e engade máis pedras de xeo e máis sal. Despois duns minutos observarás que o exterior da lata está xeadó

### 2) Fai xampú cen por cen natural

Prepara: aceite de oliva (30 ml.), zume de limón (15 ml.), vinagre (5 ml.), un ovo (un pouco batido cun garfo) e un frasco baleiro.

Verte 30 ml. de aceite de oliva, 15 ml. de zume de limón, 5 ml. de vinagre e un ovo pouco batido no frasco. Pecha o frasco e axítalo.

### 3) Fai un canón de gas.

Prepara: unha botella de cristal pequena con corcho, bicarbonato sódico, vinagre, culler pequena e un vaso de medida.

Introduce na botella dúas culleradas de bicarbonato sódico. Mete o corcho en auga ata que esta moi mollado. Verte 10 ml. de vinagre na botella e péchaa co corcho mollado e apártate. O corcho sairá disparado.

Uxío Graña 5<sup>a</sup>A



## EXCURSIÓN A "A CORUÑA"

O día 29/4/2008, os alumnos de 5º de primaria, os titores e a mestra de relixión, fomos de excursión a "A Coruña". Saímos do colexio as 10:00h. e fomos cara "A Coruña". Alí visitamos o "Domus" no que fixemos actividades moi creativas relacionadas co corpo humano; tamén saímos na televisión galega en directo.

Ao acabar de visitar o "Domus", fomos comer a un comedor que había na planta baixa do "Domus", fomos ver un vídeo e logo collemos as mochilas e fomos cara o "Acuario".

Alí vimos moitos peixes de moitas especies: ollomoles, tiburóns (algúns vivíparos pero este non e o caso)...

Tamén poidemos meter as mans en un acuario moi pequeno para tocar as estrelas de mar.

Logo, fomos a fóra, onde estaban as focas: Petra, Paula...

Volvemos para dentro do acuario e alí merendamos o que había no bar.

Por razóns meteorolóxicas, tivemos que merendar tamén no autobús, iso si, sen ensuciar, mentres íbamos cara Ribadeo; chegamos sobre as 20:00h.

Pasámosnolo moi ben, e aprendimos moitas cousas.



Marta López Cabaleiros  
5ºA

# ENTREVISTA O DIRECTOR DA BANDA INFANTIL DE RIBADEO

**NOMBRE:** Ismael Porto Barciela

**PROCEDENCIA:** Guláns (Ponteareas)

**DATA DE NACEMENTO:** 25/10/1980

***Cando decidiches facerte músico?***

Ós 10 anos

***Quen te apoiou máis na túa decisión de ser músico?***

A miña moza

***Cando pensaches dirixir unha banda?***

Cando tiña entre 17 e 18 anos comecei na banda da miña aldea

***Gustaríache dirixir algunha orquesta en particular?***

En particular non

***Canto tempo levas no mundo da música?***

Dende os 9 anos. Xa levo 18

***Cal é o teu instrumento favorito?***

O saxofón

***Que tipo de música gústache máis?***

Jazz

***Que profesores tiveches de pequeno?***

Unha profesora de clarinete e saxofón e un no conservatorio de Pontearreas

***En que escolas estiveches dando clase?***

Na de Guláns, en Goian...

***Gústabache tanto a música como agora?***

*Si*

***Pensaches que chegarías ata aquí algún día?***

Non

***Fixecheste músico pola túa propia vontade?***

*Si*

***Pensaches en dedicarte a outra profesión? A cal?***

Si, profesor nunha escola

***En que che gustaría que mellorase esta escola?***

En que traballasen máis os nenos e en que oubera máis alumnos

***Quen te apoiou máis na túa decisión de ser músico?***

A miña moza

***Do 1 ó10, que puntuación lle darías a esta escola de música?***

Doulle un 8 porque nadie é perfecto.

***Cóntanos algunha historia sobre a túa profesión***

De pequeno gastábamos algunhas bromas. A broma gastámoslla a un bombeiro. Él deixou o bombo pousado nunha parede mentres ía tomar un café. Nós colgámoslle unhas bragas. Despois estabámos na calle tocando e toda a xente o miraba e ríase del. logo deuse conta de que nós colgarámoslle unhas bragas e levamos unha gran bronca

Marta López

Inés Echevarría

María Eugenia G. de Sola

# Xogos coas mates

RESOLVE ESTAS ADIVIÑAS COA LÓXICA E O SENTIDO DO HUMOR

- 1)-Cal é o número que se o pos ó revés vale menos?
- 2)-Cal é o número que si lle quitas a metade vale 0?
- 3)-Nunha carreira adelantas ó 2º, en que posición estas nese momento?
- 4)-Indo eu ata a Vilavella cruceime con 7 vellas, cada vella levaba 7 sacos e en cada saco había 7 ovellas. Cantas vellas, sacos e ovellas ían cara a Vilavella?
- 5)-Nunha árbore hai 8 perdices, se un cazador mata 2, cantas quedan na árbore?
- 6)-Que número menor de 1000 é o que ten máis letras?
- 7)-Que número ten tantas letras como o seu valor indica?
- 8)-Lira é romana. Ela divide 12 entre dous e dalle 7. Como o fai?
- 9)-Que número queda se lle quitas as vogais a Adela?
- 10)-Que número queda se lle quitas as vogais a Camila ?
- 11)-Que número queda se lle quitas as vogais a Celia?
- 12)-Que número queda se lle quitas as vogais a Emma?

Inés Echevarría  
García 5ºA

- 1)-9
- 2)-8
- 3)-2º
- 4)-ningunha, xa que cruzoulas
- 5)- Ningunha, xa que escapan
- 6)- 454 (29 letras)
- 7)-5
- 8)-~~XII~~=VII
- 9)-DL=550
- 10)-CML=950
- 11)-CL=150
- 12)-MM=2000

# ENTREVISTA O DIRECTOR DA ESCOOLA DE MÚSICA E DANZA DE RIBADEO

**NOMBRE:** Lorenzo Felipe da Silva Cruz

**PROCEDENCIA:** Francia

**DATA DE NACEMENTO:** 11/11/77

***Cando decidiches facerte músico?***

Ós 15 anos, pero xa levaba desde máis pequeno na música

***Quen te apoiou máis na túa decisión de ser músico?***

Os meus pais e a miña avoa

***E dirixir unha banda?***

Ós 21

***Gustaríache dirixir algunha orquesta en particular?***

Si, a futura orquesta sinfónica de Ribadeo

***Canto tempo levas no mundo da música?***

15 anos

***Cal é o teu instrumento favorito?***

A trompeta e o piano

***Que tipo de música gústache máis?***

Gústame moito a música clásica. Tamén disfruto co jazz.

***Que profesores tiveches de pequeno?***

Jorge Almeida, André Henry... (os máis coñecidos)

***En que escolas estiveches dando clase?***

Escolas en Portugal (Viana do Castelo, Braga, Lisboa), en España (Vigo, Santiago, Madrid) e en Francia

***Gústabache tanto a música como agora?***

Non, agora coñezola máis e por iso gústame máis agora

***Pensaches que chegarías ata aquí algún día?***

Non

***Fixecheste músico pola túa propia vontade?***

A medias. Gustábame a música pero tamén outras profesións.

***Pensaches en dedicarte a outra profesión? A cal?***

Si. De pequeno quería ser profesor de ximnasia.

***En que te apetecería que mellorase esta escola?***

Nas instalacións e en máis oportunidades de lecer para os nenos (viaxes, etc.)

***Como se vos ocurriu organizar un campamento musical?***

Por que no veran a actividade musical en Ribadeo para os alumnos parábase, entón tivemos que poñer en marcha ese proxecto

***Do 1 ó10, que puntuación lle darías a esta escola de música?***

Un 9 ós profesores e un 10 ós alumnos

***Cóntanos algunha historia sobre a túa profesión***

Era pequeno e tiña un concerto; pero xusto antes unha clase. Nese espazo de tempo entre a clase e o concerto tiven que coller a merenda. Coas prisas en vez de meter a trompeta metin a merenda e en pleno concerto tiñeron que chamar ós meus pais para que me trouxeran a trompeta e poder tocar.

Marta López  
Inés Echevarría  
María Eugenia G. de Selg

## O CASTRO DAS CÁRCOVAS

O castro das Cárcovas esta no barrio da Capela, en San Xoan de Ove. O castro e un recinto fortificado prerromano, antes dos romanos. Nos castros vivian poboados celtas que se situaban nun alto do terreo neste castro a vista panorámica que dende alí disfrutaban os antigos pobladores era realmente excepcional. Ten unha superficie bastante grande, ten un fosso defensivo que os rodean, cavados en roca viva .

Cárcovas o orixen deste nome hai que buscalo na palabra latina Caccabus ( hola ,cazola , caldeira de barro ou metal para poñer o lume) estamos pois ante unha palabra que dice como e un terreo rodeado de cárcovas, zanzas ou fosos feitos par defensa do castro.

Debo decir que este castro permanece oculto e abandonado, este tesouro da antigua cultura debería tar en boas condicións pra quen o desexe ver .



(Este non é o castro das Cárcovas)

Fátima López  
5ºA

5ºA

# O SOÑO DE TRUGAL

Nun mar da miña terra moraba un peixe chamado Trugal. Gustáballe moito nadar e tiña un gran amigo, Trebello. Sempre tivera o soño de ter un trofeo.

Dentro de dous meses íase celebrar unha competición de natación en mar aberto. Trugal entrenaba ... e entrenaba. Unha semana antes da carreira, xa estaban expostos os carteis da data, e Trugal pediulle ao seu amigo Trebello que participase tamén.

Chegado o día da carreira, Trugal xa estaba listo. Detrás del encontrábase o seu amigo Trebello.

- E unha competición moi perigosa -di o rape. Pero Trugal non se desanimou.

O ollomol dá a saída e os dous amigos van os últimos. Chegan ó banco dos anzois. Todo peixe ten que resistirse á tentación, pero a moitos peixes rúxelles o bandullo e quedan atrapados. Trugal está a punto pero nese momento pensa no seu soño e segue nadando.

Despois duns cantos metros, chegan ó banco dos polbos, onde teñen que evitar que os atrapen cos tentáculos. Algúns peixes quedan apresados coas ventosas, pero Trugal esquívao ata o final en que se achega demasiado a un deles e sálva o seu amigo Trebello cortándolle o tentáculo cun pao moi afiado.

Consiguen saír outra vez sans e salvos, pero agora nadan ata o banco dos peixes paiaso, onde teñen que aguantar a risa cos mellores chistes e xestos que te poidas imaxinar. Moitos peixes non se dan resistido á risa e case estoupan con ela. Trugal tapa a boca e mantense calado.

Xa pasou a "proba de supervivenza" e chega a fase final, a de "velocidade". Os sete peixes que quedan teñen que nadar dúas millas máis. No último segundo, Trebello dálle un empurrón a Trugal e o protagonista consegue por fin o seu soño. Xamáis olvidará ese día.

**FIN**

Martín López Pérez 5ºA





## REFRÁNS

E mellor dar que recibir.  
Mas vale estar so que mal acompañado.  
Non deixes par mañá o que poidas facer hoxe.  
Nunca é tarde se a dita é boa.  
De tal pau tal astilla.  
Non por madrugar amenze máis cedo.  
A calquer doencia e remedio a pacenza.  
A cama non te irás sen saber unha cousa máis.  
En abril augas mil.  
A quen madruga, Deus lle axuda.  
A cabalo regalado, non lle mires o dente.  
Mira con quen andas e direiche quen eres.  
Sabe máis o demo por vello que por demo.  
A cada pez chégalle a súa vez.  
Cóllese antes a un mentiroso que a un coxo.  
A mal tempo, boa cara.  
É mellor calar, que con tontos falar.  
Fea con gracia, mellor que necia e guapa.  
A bon amigo, bon abrigo.  
A boa muller pouco freo basta.  
A borracho ou mullereiro non des a gardar diñeiro.  
A grandes males, grandes remedios.  
A cea e a cama, so unha vez se chama.  
A xogar e perder, pagar e calar.  
A espaldas voltas, memorias mortas.  
A muller honrada a súa propia estima basta.  
A terceira vai a vencida.  
Aos tolos, dáselles a razón.  
As palabras necias, bofetós.  
A nadie debe extrañar que en marzo comenze a troar.  
A bon entendedor poucas palabras bastan.  
Máis vale páxaro en man, que cen voando.  
Non hay mal, que por ben non veña.


**Marta López**

**5ºA**


# Cerca do mar

Comenzamos a excursión na praia dos Bloques e logo pasamos polo porto pesqueiro. Cando chegamos ao porto de Porcillán entramos no centro de cultivos mariños donde vimos como cuidaban os peixes.


## CENTRO DE CULTIVOS MARIÑOS



A mediodía comimos no cargadeiro que antigamente era donde se descargaba, a través dunhas vagonetas, mineral de ferro a unhas barcos, despois de comer xogamos a deslizarnos por un pequeno barranco.



Pola tarde fomos polo paseo que vai por cerca da costa dende o cargadeiro ata o faro da Illa Pancho. Polo camin encontramos o mexo da vaca que é cando sae auga entre unhas rochas. No faro puidemos subir arriba. Despois, fomos a unha praia cercada e fúmonos.



## XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ

O escritor Xosé María Álvarez Blázquez naceu na vila pontevedresa de Tui o catro de febreiro de 1915.

Con quince anos, comezou a escribir e a publicar poemas en xornais de Pontevedra e Tui e, aos dezaseis, principia os seus estudos de Maxisterio en Pontevedra, onde funda a revista literaria *Cristal* que terá unha duración dun ano.

Unha vez rematados os seus estudos, obtén o seu primeiro destino de mestre na Garda (Pontevedra) e, posteriormente, é destinado a Tui.

Pola súa militancia política, foi membro do Partido Galeguista, no que tamén militaban Alfonso Castelao e Alexandre Bóveda, foi desterrado a Coreses, Zamora.

Ao remate da Guerra Civil e despois de facer o seu servizo militar no Hospital Militar de San Caetano, en Santiago, montou, xunto cos seus irmáns, unha fábrica de ladrillos e tellas en Nigrán, Pontevedra.

Casa, no 1945, con María Luísa Cáccamo, coa que terá seis fillos.

Durante estes anos o seu traballo literario é moi grande: queda finalista do Premio Nadal de Literatura, estreou dúas obras de teatro, fundou a Librería Monterrey, foi nomeado membro da Real Academia Galega, publicou *Poemas de ti e de min*, xunto co seu irmán Emilio, dirixiu as escavacións arqueolóxicas de Vigo, fundou dúas editoriais: Monterrey e Castrelos, colaborou en programas radiofónicos, escribiu o libro de poemas *Roseira do teu mencer*, dedicado á súa filla Colorín, concedéronlle o Premio López Cuevillas da cidade de Lugo...

No ano 1966 trasladouse, xunto coa familia, ao Principado de Asturias, para traballar como axente de vendas e publicista.

Á súa volta a Vigo crea dúas novas coleccións que van ser moi populares: *O Moucho* e *Pombal*.

Dentro da colección *O Moucho* publica *O Catecismo do labrego*, de Lamas Carvajal, que chegará a ser o primeiro supervendas da literatura galega, e *A Pega Rabilonga*, un conxunto de relatos da súa propia autoría.

No ano 1979, decide vender Edicións Castrelos, que é adquirida pola Editorial Galaxia.

Xunto con Álvaro Cunqueiro dirixe, en 1980, un libro colectivo sobre a historia de Vigo que é financiado pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo.

A primeiros de marzo de 1985 faleceu no Xeral de Vigo. Polo seu labor como editor e pola súa defensa da lingua e a cultura galegas, a Real Academia Galega dedicalle o Día das Letras, o 17 de maio de 2008.



Xosé María Álvarez Blázquez  
Caricatura de Xabier Domínguez



*O Catecismo do labrego* foi o primeiro supervendas da literatura galega. Editáronse trinta mil exemplares ao longo de tres anos.

# OS NÓSOS REFRÁNS

- Home sen agarimo, paxaro sin niño.*
- Os mellores amigos son os que rifan.*
- Entre dous que ben se queren, con tal que un coma, abonda.*
- Home falangueiro, non garda segredo.*
- Galiña gorda e por pouco diñeiro, non pode ser, compañeiro.*
- O que moito reza e peta no peito, moito mal fai ou ten feito.*
- Mentras teñas que comer, non faltará quen te veña ver.*
- Meu amigo papafigo, come o seu pan soio e o meu comigo.*
- Tan contento está o pastor coma o rei ou o gran señor.*
- Non fales mal do enemigo, que un día pode ser teu amigo.*
- O bo compañeiro fai o camiño máis lixeiro.*
- Cando un non quer, dous non barallan.*
- Honra ós grandes e non te mofes dos pequenos.*
- Consello de sabios é sufrir inxurias e perdoar agravios.*
- O que non abre os ollos, ten moitas veces que abrir a faltriqueira.*
- O home, onde nace, e o boi onde paca.*
- Non busques por amigo ó rico nin ó nobre, senón ó bo, inda que sexa pobre.*
- Á casa de moitos donos nunca lle faltan pingueiras.*

*Recollidos por RAPACES DE 6º*

*Estaba unha moura aseallando ouro no castro cando acertou a pasar por alí un home de Bainte, que quedou*

*a ollar para tanta riqueza e dixo:*

*\_ Ai, se me dese un pouco!*

*Ao que a moura respondeu:*

*\_ Quérelo aos puñados ou quérelo aos ferrados?*

*E o home de Bainte exclamou moi axeiña:*

*\_ Quéroo aos ferrados.*

*\_ Pois logo vai axeiña buscar a medida.*

*Correu o home cara á casa mais, cando voltou coa medida, o ouro e a moura xa desapareceran.*

*E o de Bainte laiábase. Se dixese aos puñados, poida ser que arestora algún ouro fora meu.*

*Versión de Manuel Rodríguez. Ed. Nós. A Coruña, 1927.*

## ENCANTOS DO CASTRO DE CAMEIXA.

No medio do socastro hai unha trabe de alcarán que toupará en babarañas no intre mesmo en que se lle toque.

No castro teñen aparecido moitas cousas dos mouros e tamén animais vivos que son da súa pertenza.

Dunha vez un tal Callobre, que é viciño de Cameixa encontrou unha ola enteira, mais en canto lle quixo botar

man desfíxose por si mesma. Os mouros viven no castro por baixo da terra.

Hai xa tempo que un individuo indo ao pé da Casa Grande viu dous homes que baixaban do castro, montados

nuns machos grandes e que traían unha becerra e unha cabra. E os dous machos preguntáronlle por un camiño bo

para que non tropezasen os animais.

O home, aínda que de primeira calou despois mostroulles un camiño bo, e entón os forasteiros porfiáronlle para

que levase a cabra ou a becerra.

Relato recollido do: "Catálogo dos Castros Galegos." A Coruña 1930.


DAVID DARRIBA LINDÍN. 6º A.

## CASAS INTELIXENTES

Nunha época onde a tecnoloxía encóntrase presente en tódolos aspetos da vida, incluso as casas se tecnifican. A domótica que quere dicir “tecnoloxía aplicada ao fogar” pode facilitarnos a vida diaria: O encendido automático das luces do corredor ao pasar por él , asegurar a correcta ventilación da vivenda, encender a calefacción mediante unha simple chamada de teléfono, xenerar alarmas pola entrada de intrusos cando non estamos na casa, cámaras de observación e vixilancia que tansmitirán as imaxes a calquer televisor da vivenda, cociña eléctrica que se desconecta automaticamente, programalo sistema de rego do xardín, vixiar a pureza do aire acondicionado, manter a piscina co correto PH, controlar o estado de luces e persianas a través da televisión cun control a distancia desde calquer teléfono.

Pero as casas intelixentes non só proporcionan comodidade e confort senón que tamén aforran enerxía, grazas a arquitectura bioclimática, que consiste na elaboración dun deseño que aproveita o clima e as condicións do contorno, co fin de lograr que a temperatura da casa sempre sexa agradable.

DANIEL CASTRO GARCÍA 6º A



# A ESCOLA

*CATRO PAREDES DE PEDRA*

*VINTE BURATOS NO TEITO.*

*DEZ VELLAS TÁBOAS POR PISO*

*CON SETE BANCOS TOLLEITOS.*

*DEZ RAPACES ESCOITANDO*

*A UN MESTRE, FEITO A MARTELO*

*E FALANDO EN CASTELÁN...*

*PARA QUE LLE ENTENDERAN MENOS.*

*TRAS SÚAS COSTAS NUN CADRO*

*VESE A UN SEÑOR SATISFEITO.*

*COMO ESTABA Ó PÉ DE CRISTO*

*CABILABA EU DE PEQUEÑO:*

*¿NON SERÁ UN DOS APÓSTOLES*

*NUNHA VERTIDA EN GALEGO?*

*Recollido do "XURAMENTO DUN GALEGO"  
Alumnos de 6º*



# **XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ**

**FOI QUEN ESCRIBIU O PREGÓN NAS FESTAS DE SAN TELMO (1979)**

**QUE TÓDALAS XENTES NOSAS  
LEVEN GRAVADO NO PEITO  
A ORGULLEZA DE SER NADOS  
EN GALICIA, ÁRDELLE O EIXO,  
E QUEN FALE A COTÍO  
O NOSO IDIOMA GALEGO  
NO QUE FALARON OS REISES  
E OS POETAS DE OUTRO TEMPO  
E QUE PADECEU MÁIS TARDE  
SAÑUDO PERSEGUEMENTO.**

**ÍRICO TESOURO SALVADO  
DAS FURNAS DO ESQUECIMENTO  
POLOS REXOS LABRADORES,  
POLOS FORTES MARIÑEIROS,  
POR ARTISTAS E ARTESÁNS,  
POR ESFORZADOS OBREIROS,  
QUE GARDARON AS PALABRAS  
COMO A NAI GARDA O SEU NENO  
FRENTE OS DENTES REGAÑADOS  
DE LADRÓNS E RAPOSEIROS!**

**Fragmento copiado por RAPACES de 6º**

# ENTREVISTA

Os rapaces de 6º tiñamos a curiosidade de saber cales foron as orixes da revista do noso Colexio "ORBALLO". Preguntando ós mestres, aconselláronnos que lle fixésemos unhas cantas preguntas ó profesor que naquela época tiña relación coa publicación da revista. Puxémonos en contacto con el e moi amablemente deu resposta a elas.

Luis Alonso González é o profesor que vai aclararnos algunhas das nosas dúbidas.

-¿Por que decidiu estudar para mestre?

-Dende moi rapaz tiver unha especial predilección polo ensino.

¿Cantos anos leva exercendo dita profesión?

-Levo dende outubro de 1974, é dicir case trinta e catro anos.

¿Onde e como foron os seus comezos como mestre?

-Pois foron nun colexio de Ferrol. Concretamente no "Colexio de Catabois", onde exercín no curso 1974-75, como mestre interino, recén rematada a mili.

¿Ademáis de traballar no CEIP "Gregorio Sanz", en que outros colexios traballou?

-Como xa dixen no Colexio Catabois de Ferrol, no colexio do Valadouro, no colexio do Pindo (na Coruña), e agora no I.E.S. "Porta da Auga".

¿De que colexio ten mellores recordos?

-Non teño mal recordo de ningún, en todos tiveren moi bos momentos, e tamén algún (os menos), pois non tan bos. En xeral o balance é positivo en todos eles.

-Hoxe é profesor de Ciencias Sociais, ¿impartiu sempre esa asignatura?

-Non sempre, xa que impartín Lingua Castelá e Lingua Galega, pero a maioría dos cursos impartín Ciencias Sociais.

¿Cal é a súa asignatura preferida?

-Sen dúbida as Ciencias Sociais (Xeografía e Historia)

¿Ademáis de profesor exerceu algún outro cargo no Colexio?

-Si, fun 18 anos secretario e creo que 4 Administrador de comedor.

¿Nótase moita diferenza na profesión dende os primeiros anos que empezou a traballar?

-Diferencias hainas, unhas para ben e outras para mal. A principal diferenza que noto é a perda de respecto hacia os mestres e á súa función por parte dos alumnos e da sociedade en xeral.

¿Cambia moito o comportamento dos alumnos de E. Primaria ós de E. Secundaria?

Pois non, xa que tende en conta que a diferenza de idade é mínima. Sen embargo nótase algo máis de madurez en Secundaria, sobre todo ó chegar a 2º de ESO.

**¿De onde xurdiu a idea de que no CEIP "Gregorio Sanz" se publicase unha revista?  
-Pois ocorréuseme a min aló polo ano 1979 é coa axuda dos compañeiros,puxémola a andar.**

**¿En que ano se empezou a publicar?  
No 1979,saiu o primeiro exemplar co gallo do "Día das Letra Galegas".**

**-¿Cantas revistas ao ano se publicaban?  
-Normalmente dúas :polo Nadal e polas Letras Galegas.**

**-¿Sempre se lle chamou como agora?  
-Sempre,dende o primeiro número se lle chamou "ORBALLO".**

**-¿Hai moita diferenza entre as primeiras revistas publicadas e as que se fan agora?  
-Sí,as actuais teñen unha elaboración moito máis cuidada.Hai que ter en conta que ó principio os medios eran moi escasos,Tiñamos unha mala multicopista e un xogo de punzóns para rotular e facer os debuxos.**

**-¿Algunha suxerencia para aplicar nas seguintes publicacións?  
-Pois non,penso que estades xa na boa liña e debedes seguir así,aínda que como é lóxico tedes que intentar sempre mellorar**

**-Vese un profesor moi dinámico ¿ practica algún deporte?  
-Gústame o senderismo e en xeral camiñar e facer algo de footing**

**-¿Cal é o seu equipo de fútbol favorito?  
-Sen dúbida o Real Madrid.**

**-¿Afeccionado á música?  
-Gústame a Música,pero afeccionado é moito dicir.Gústame en especial a música dos anos 60, a música Folk e a música popular.**


**-Xa para rematar ¿qué consellos nos daría ós futuros alumnos de E.Secundaria?  
-Pois nada en especial, que veñades con ganas de traballar e sen ningún tipo de medo que non teredes ningún problema.**

**Graciñas don Luis e esperamos vermos para o vindeiro curso.**

# PÁXINAS DE HUMOR

NON, NON É QUE SEA HOME ORGULLOSO. E QUE QUEDOU ASI DE MIRAR TANTO PROS PRECIOS!







# Poema: MAIO

Levántese Maio,  
bastante durmiches,  
pasou un burro  
e non o sentiches.

Tire castañas,  
señora María,  
tire castañas  
que as ten na cociña.

A canta-lo Maio  
señores acá vimos  
e para cantalo  
licencia pedimos.

Aí vén o Maio  
por enriza das silveiras,  
aí vén o Maio  
de roubar ás  
costureiras.

Aí vén o Maio  
por enriza dos tellados,  
aí vén o Maio  
de roubar ós  
escribanos.

Aí vén o Maio  
pola rúa do sol  
aí vén o Maio  
de roubar a  
Valledor.

Para facer este  
Maio.  
Tivemos que ir  
mangar  
fiuncho e mailas  
flores  
para podelo  
Adubiar.

Arantxa Santos López 6ªB

# Por que...



¿Por que a terra é redonda?

Porque caeu un cacho de meteorito do sol.

¿Por que nos "estalan" os oídos?

Porque cando, tras subir unha elevación montañosa en automóbil, descendemos rapidamente o val, e frecue-  
nte sentir que nos estalen os oídos.

¿Por que non flotan na auga certas madeiras?

Se algunha vez tirasteis o auga un cacho de madeira de ébano, observaríais, quizais con sorpresa, que ese tronco gundiáse. Ello é debido a que o ébano, o igual que outras madeiras tropicais, teñen unha densidade superior a das madeiras comúns.

¿Por que os loros poden galat?

Os loros poden imitar os sons da voz humana grazas a súa lingua, parecida a do home.

¿Por que vemos a nosa imaxe reflexada nos espellos?

Os espellos teñen no seu reverso unha capa metálica-  
da de prata o estaño que reflicta case totalmente a luz.

¿Por que os bolígrafos denomínanse así?

O bolígrafo é un instrumento que consta de varias partes: unha delas, cilíndrica e alargada, está chea de tinta moi densa. Esa tinta foi que escribamos, axís-  
tase a unha bolina que o nodar desprende a tinta. Esta boli-  
ña é a que da nome o bolígrafo.



# *Ise neno da rúa*

Non é certo que os nenos  
teñan fame  
Non pode ser.  
Ben o sabedes todos  
os que andades no mundo  
atafegados  
á percura do pan dos vosos  
fillos  
Ises outros que vedes pola  
rúa  
pedindo esmola,  
non teñen fame, non, porque  
daquela  
vos teríades morto de  
vergonza.  
E ben vos vexo andar nos  
vosos coches  
ou nos tranvías, a berrar de  
cousas  
estranas, -¡viva, beba, baba,  
buba¡-  
sen reparar naquíl  
esfarrapado  
que coa moura mauciña está  
petando  
na porta de ferro.  
Por iso penso que non é  
verdade  
o que algún caviloso di dos  
nenos  
que andan así petando pola  
vida  
-¡Non, home, non¡- lle dixen a  
un de aqueles-  
A xente pasa leda.....¡Fora  
boa  
que andivesen a rirse dos  
seus crimes¡

Xosé María Álvarez Blazquez



# UTILIZA

## O TEU ENXEÑO

$\times =$   
 $\div + -$  Coloca os signos que faltan nas  
operacións. Pero... faino nunha follá.

$$90308 = 19$$

$$60205 = 17$$

$$20307 = 13$$

Atopar unha fecha de nacemento

• Da a un amigo unha  
calculadora e dille que  
marque o número do  
mes en que naceu.

• Que multiplique por 4.

• Que sume 13.

• Que multiplique por 25.

• Que reste 200.

• Que sume o día que  
naceu

• Que multiplique por 2.

• Que reste 40.

• Que multiplique por 50.

• Que sume os dous últi-  
mos díxitos do ano  
en que naceu.

• Que reste 10.500.

• Mira na pantalla  
da calculadora  
e dille a fecha  
de nacemento.

O primeiro dos números  
indican o mes,  
os dous seguintes o día  
e os dous últimos  
o ano.



Ramón Miranda Barcia  
Lucía Suárez Fernández

David Portillo Barcia

6ºB

# MUSEOS CIENTÍFICOS

Sobre as 10:00 saímos de Ribadouro dirección a Coruña. Primeiro visitamos a Domus, que é a casa do home. Alí vimos moitos experimentos, por exemplo, cando tiramos un balón contra a parede e medíamnos a forza coa que tiramos e outro deles foi que si montamos nunha bicicleta e a túa dereita vís como o teu esqueleto se movía. Tamén nos proxeccionaron un vídeo sobre un parto. Logo vimos unha exposición do sistema auditivo.



Despois de comer, fomos ó Acuario Finisterre. Alí, vimos as perlas xigantes, as focas e diferentes tipos de peixes. Logo baixamos á sala Nautilus. Nela había dous tiburóns, un chamado Gastón e outra Hermosa. O final fomos ata a cafetería e mercamos algo. Tamén fomos á tenda dos records e como chovía tivemos que merendar no autobús.

Fabian Otero Vázquez.  
5º B

## Recordos que non se borrarán nunca

Esta mañá volvin ao colexio e sentín cóxegas no estómago desas que un só é capaz de sentir cando está namorado ou cando algo lle gusta moito. Mesturábanse ambas e dúas cousas. Sigo namorado da miña etapa no colexio, unha das máis especiais que vivín até o de agora, e gústame moito regresar ás aulas e manter contacto cos máis cativos porque sempre me parece un bo xeito para seguir aprendendo.

O pouco tempo que estiven alí valeume para recordar que ao colexio viaxaba en autobús dende Remourelle e que iso era sempre sinónimo de aventura. Daquela a figura da acompañante escolar aínda non existía polo que o bus era un reinado onde imperaba a lei da idade. De pequeno viaxabas diante en grupos de dous ou de tres en cada asento, segundo cadraba, e conforme ías pasando de curso cambiabas a túa ubicación até chegar ao que todos considerabamos o sitio onde facerse respetar, na última fila o asento do medio. Se algún día ías alí podías estar tranquilo que nin che ía faltar a maleta nin che ían atar os cordóns dos zapatos á parte de abaixo dos asentos, dúas das trasnadas máis habituais daquelas viaxes que podían durar entre media hora e corenta e cinco minutos nas que cada segundo era o anticipo dunha sorpresa. No autobús teño feito boas amizades pero máis aínda fixen nas horas pasadas no comedor. Alí aprendín a comer de todo, incluso cando algo non che gustaba había que armarse de paciencia e ver como ao final acababas colléndolle o gusto. A outra solución era non comer e ir mentalizándote de que a hora do recreo ía cambiar por unha hora pegadiño á vasoira. O comedor foi lugar tamén de moita aprendizaxe. Cómo comer en menos tempo cós da mesa do lado para poder coller a pista de fútbol? Poderíamos escribir un manual coas carreiras que temos botado para que os de quinto B chegasen despois de nós e así poder entrar os primeiros a xogar. Ou cómo librarse dun prato de lentellas sen que ningún te vexa? Eses tratados deberían ser editados por calquera alumno ou alumna da miña época.

E os castigos, canto se botan de menos aqueles castigos copiando follas de fonética en inglés nos bancos dos corredores. Ou na parede de dirección por romper uns cristais mentres xogabamos ao fútbol.

Aqueles anos nos patios do Gregorio Sanz, as ringleiras para ir a clase ou os moitos pantalóns estragados nas súas pistas e campos van quedar sempre gardados con moito agarimo dentro de min. Agardo que vós tamén saibades aproveitar o moito que vos dá e que vos dará este centro e a súa xente.

Suso López – reporteiro

Compostela, 14 de maio de 2007